

COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DA CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2015

Acórdase por asentimento:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria de 23 de xullo de 2015, coa incorporación de varios anexos, e a acta da reunión extraordinaria de 28 de setembro de 2015, coa seguinte modificación: a presidencia da reunión exerceuna o Sr. Decano da Facultade.
2. Incorporar á acta do 19 de outubro de 2015 os escritos remitidos con data de rexistro de saída de 30 de xullo aos órganos competentes da Universidade de Vigo, segundo o acordado na reunión de 8 de xullo, relativos á política de PDI e PAS, planificación das enquisas e á subscripción dun convenio con Dialnet.
3. Revisar e validar:
 - (i) O informe de accións de coordinación do Grao en Dereito (inclusive a coordinación do Grao na simultaneidade ADE-Dereito) da Facultade de Dereito do curso 2014/2015.
 - (ii) O informe de accións de coordinación do Máster universitario en avogacía da Facultade de Dereito do curso 2014/2015.
 - (iii) O informe final do desenvolvemento do Plan de acción tutorial da Facultade de Dereito do curso 2014/15 no Grao en Dereito (incluída a simultaneidade ADE-Dereito).
 - (iv) O informe final do desenvolvemento do Plan de acción tutorial da Facultade de Dereito do curso 2014/15 no Máster universitario en avogacía.
 - (v) O cronograma das accións de calidade que se desenvolverán na Facultade de Dereito e/ou nas súas titulacións durante o curso 2015-2016.
 - (vi) As decisións do coordinador do Máster universitario en información técnica do medicamento adoptadas coa finalidade de salvaguardar os dereitos dos estudantes.
4. Manter o criterio de selección e captación do profesorado externo na titulación de Máster universitario en avogacía.
5. Instar a revisión das Instrucións para a presentación de solicitudes á convocatoria de concurso público para a contratación de profesorado asociado do curso 2015/2016 en futuras convocatorias, solicitando aos aspirantes ou que presenten tantas copias do CD-ROM como membros haxa na comisión avaliadora ou que aporten os seus méritos a través dunha aplicación informática que permita a autentificación dos documentos e a identificación dos usuarios, e que permita que os membros da comisión poidan revisar os méritos con maior facilidade.
6. Suxerir á Vicerreitoría de Organización Académica:

- a) Os seguintes cursos de formación do persoal docente e investigador para o seu traslado á Área de Formación e Innovación Educativa:
 - i. Xestión do tempo e do stres no ámbito educativo.
 - ii. Avaliación de competencias
 - iii. Metodoloxías docentes
 - iv. Análise dos índices de calidade das publicacións do ámbito xurídico social.
 - v. Expresión oral e escrita
 - vi. Actualización Xurídica
 - b) Que as horas adicadas polo persoal docente e investigador á formación se computen na Normativa de adicación do profesorado e de recoñecemento no POD de actividades do PDI para o curso 2016/17, entre os recoñecementos de actividades do PDI.
7. Demandar persoal de administración e servizos para o centro con funcións de calidade con formación e non provisional e preguntar ao persoal de administración e servizos do centro sobre as necesidades o déficits de formación non cubertas polos Servizos Centrais para que poidan cubrirse, se é posible, con formación a cargo do orzamento do centro.
 8. Propor á Comisión Académica do Máster universitario en avogacía valorar a oportunidade de elaborar unha relación de funcións que podería desenvolver o persoal de administración e servizos adscrito ao máster.
 9. Propor á Comisión Académica do Máster universitario en avogacía valorar a oportunidade de elaborar dunha ficha técnica do deseño das enquisas de avaliación de empregadores de titulados do Máster.
 10. Propor á Reitoría a modificación do último inciso do apartado 5 do artigo 8 do Regulamento para a realización do Traballo fin de grao da Universidade de Vigo: "As persoas titoras poderán, polo menos, estar presentes con dereito a voz no acto de defensa e nas deliberacións do tribunal de avaliación", coa finalidade de eliminar a posibilidade de que o titor de un TFG poida estar presente non só no acto de defensa senón tamén na deliberación do tribunal, ou de que esa posibilidade teña carácter optativo para os centros.
 11. Manter a estratexia do centro –o obxectivo xeral e os obxectivos específicos- de acordo con Plan estratéxico da Facultade de Dereito 2015-2018.

Ourense, 20 de outubro de 2015.

Decanato
Facultade de Dereito
Universidade de Vigo

A secretaria

M^a Dolores Fernández Fustes

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Garantía Interna da Calidade da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 19 de outubro de 2015 se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 20 de outubro de 2015.

A SECRETARIA

M^a Dolores Fernández Fustes